

**Aposta pola acción solidaria**

**EROSKI E OS SEUS CLIENTES DOAN PRETO DE  
2.900 TONELADAS DE ALIMENTOS PARA  
FAMILIAS NECESITADAS**

- **A cifra equivale ao consumo de alimentos de 1.737 familias ao longo dun ano**
- **Máis de 2.400 toneladas corresponden a alimentos doados por EROSKI dentro do programa "Desperdicio Cero", que garante que ningún alimento apto para o consumo se desbote nas tendas EROSKI, senón que se lles doa a organizacións sociais**

**Elorrio, 8 de agosto do 2016.-** [EROSKI](#) e os seus clientes doaron preto de 2.900 toneladas de alimentos destinados aos colectivos máis desfavorecidos durante o primeiro semestre do 2016. A cifra equivale ao consumo de alimentos de 1.737 familias ao longo dun ano. Desta doazón, máis de 2.400 toneladas doounas EROSKI dentro do programa "Desperdicio Cero", que garante que ningún alimento apto para o consumo se desbote nas tendas EROSKI, senón que se lles doe a organizacións sociais do contorno próximo de cada tenda.

*"Como cooperativa de consumo, en EROSKI mantemos un firme compromiso coa transformación social a través da nosa actividade empresarial. Un compromiso no que a acción solidaria cos máis necesitados ocupa un lugar destacado e nos impulsa ao desenvolvemento de políticas para xestionarmos os alimentos de maneira responsable en colaboración con diferentes organizacións sociais",* sinala o director de Responsabilidade Social de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa. Neste sentido, EROSKI foi pioneira dentro do sector distribución en España nas doazóns regulares de frescos e tamén en alcanzar o desperdicio cero en toda a súa rede de supermercados e hipermercados.

**Colaboración cun cento de organizacións socialmente responsables**

Para desenvolver o programa Desperdicio Cero, EROSKI colabora cun cento de organizacións socialmente responsables españolas. A cooperativa desenvolveu un protocolo de actuación que vela escrupulosamente pola seguridade alimentaria dos produtos doados. No caso dos alimentos frescos garante o mantemento axeitado da cadea de frío tamén na entidade receptora da doazón, que debe asegurar que cumpre coas mesmas garantías no seu transporte e instalacións.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA**

**CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



*"Doamos produtos frescos e de alimentación que se retiran dos lineais para cumprir co noso compromiso de frescura máxima cos clientes, ou simplemente porque o seu envase presenta unha pequena deficiencia como pode ser unha simple aboladura ou rotura de embalaxe que impide a súa venda. Trátase sempre de alimentos dentro da data de caducidade ou de consumo preferente e en perfecto estado para o seu consumo", explica o director de Responsabilidade Social de EROSKI.*

### **Preto de 486 toneladas de alimentos recadadas en campañas de recollida**

Ás máis de 2.400 toneladas de alimentos doadas a través do programa Desperdicio Cero súmanselle preto de 486 toneladas recadadas a través das campañas de recollida celebradas no primeiro semestre do ano nos establecementos EROSKI, Vegalsa e Caprabo a prol de Bancos de Alimentos. *"Dende EROSKI, como é habitual, quixémonos unir a este compromiso e sumar un doazón adicional sobre o total de quilos doados polos consumidores", sinala Alejandro Martínez Berriochoa.*

EROSKI foi recoñecida pola Federación de Bancos de Alimentos de España coa "Espiga de Ouro", o máximo galardón outorgado por esta organización ás empresas que colaboran de xeito destacado na redistribución dos excedentes alimentarios.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)